

Bos días familias;

Escribímosvos dende a ANPA para tratar o tema da **FESTA DE FIN DE CURSO**. Despois destes anos de pandemia queremos xuntarnos para celebrardes que remata o curso. Esta festa vaise realizar o último día de clase, o 21 de xuño pola tarde, nas instalación do noso colexio. Haberá música, colchonetas, pintacaras e diferentes xogos. A ANPA correrá con todos os gastos para a organización desta xornada festiva. Por esta razón e sabendo o esforzo tanto humano como económico que se levará acabo para a organización, agardamos con moita ilusión que vos animedes a vir para compartir todas as familias xuntas este día de celebración.

Precisamos facer unha estimación da cantidade de persoas que van vir para organizala coa mellor previsión posible. Por isto, debedes cubrir este papel cos vosos datos. Só precisamos un impreso por familia. Recordaros que as nenas e os nenos teñen que vir acompañados dunha persoa adulta.

A data límite para entregar esta folla é o **venres 26 de maio** no buzón que a ANPA ten na escola ao carón da cafetería. Os nenos e as nenas tamén llo poden entregar as súas titoras.

- ADULTOS:
 - Indicar o número de persoas que van a acudir :

- NENAS E/OU NENOS
 - Indicar o número de nenas e nenos que van a acudir:
 - Idade :

Agardámosvos o 21 de xuño!
Un saúdo.
A Directiva da ANPA.